



# **Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia**

**CDEPP.1**

**Código deontolóxico e de ética  
e práctica profesional**



Esta obra está baixo unha licenza de Creative Commons (BY-NC-SA)  
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0>

## CONTIDO

<b>1</b>	Preámbulo.....	3
	1.1 Introducción.....	3
	1.2 Principios deontolóxicos universais.....	4
	1.3 Alcance da responsabilidade profesional.....	4
<b>2</b>	Código deontolóxico.....	5
	2.1 Da función social da profesión e os principios inspiradores do exercicio profesional.....	5
	2.2 Do seu ámbito de aplicación.....	6
	2.3 Principios fundamentais.....	6
	2.4 Deberes.....	8
	2.5 Honorarios.....	14
	2.6 Publicidade.....	15
<b>3</b>	Disposición final.....	16

# 1 PREÁMBULO

## 1.1 Introducción

A responsabilidade profesional debe ir máis alá das directrices que marca a lexislación vixente en cada momento. Por iso, o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia ao amparo do disposto no artigo 9 apartado b) da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 5 apartado i) da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais, aproba o presente Código Deontolóxico e de Ética e Práctica Profesional como guía de comportamento no desenvolvemento da profesión de Enxeñeiro/a en Informática e as súas relacións coa sociedade.

Os Colexios que teñen asignadas profesións tituladas deben fixar unhas normas deontolóxicas e éticas que, adaptadas á realidade de cada profesión, cumpran as seguintes funcións:

- Recoller uns principios éticos de conduta que deben ser asumidos por todos/as os/as colexiados/as como norma de actuación.
- Presentar algúns principios (non esixibles pero si desexables) que servirán de guía no comportamento profesional dos/das colexiados/as, sempre buscando un maior ben para as persoas directamente relacionadas co/a enxeñeiro/a en informática e a sociedade en xeral, evitando comportamentos colectivos indesexados que redunden nun desmérito da profesión en xeral e que poidan desprestixiar ao colectivo que a exerce.

Os órganos de dirección e representación do Colexio deberán velar polo cumprimento e aplicación do presente Código Deontolóxico e de Ética e Práctica Profesional, para o que é necesaria a distribución e difusión das normas contidas neste Código entre os seus colexiados/as.

Os Estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia indican no seu artigo 14 a obrigatoriedade de todos os/as colexiados/as de cumprir con este Código Deontolóxico. O incumprimento das normas deontolóxicas considerarase como falta leve, grave ou moi grave, segundo o disposto no Título V dos Estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.

## 1.2 Principios deontolóxicos universais

Existen uns principios deontolóxicos universais que resultan aplicables a calquera profesión tales como a independencia, a imparcialidade, a dignidade, a obriga de dicir a verdade, a legalidade e o deber de gardar segredo profesional.

Un/unha profesional destinado/a ao servizo dos demais ha de ser ante todo unha persoa independente, honrada, leal, honesta e responsable. Así mesmo, debe ser xusto/a e veraz en todas as afirmacións, especialmente nas que sexan públicas, relativas a aspectos técnicos relacionados coa súa profesión.

Polo tanto, o/a Enxeñeiro/a en Informática ha de cumprir os devanditos preceptos en relación á súa profesión. Así mesmo, debe ser especialmente escrupuloso/a co tratamento e utilización que dá á información que manexa e cumprir o deber de segredo, o cal constitúe un dereito e un deber fundamental da profesión.

## 1.3 Alcance da responsabilidade profesional

A responsabilidade profesional en que pode recaer o/a Enxeñeiro/a en Informática no desempeño do seu labor profesional é de tres clases:

- a) Penal: Por delitos e faltas que se cometan no exercicio da profesión, segundo as normas penais vixentes.
- b) Civil: Cando actuando con mala fe (dolo civil), negligencia ou impericia inescusable causen danos nos intereses dun/dunha cliente/a (atrasos na execución do traballo encomendado, actividade inoportuna ou inadecuada).
- c) Disciplinaria: Cando infrinxan deberes estatutarios da profesión ou normas de ética profesional.

## 2 CÓDIGO DEONTOLÓXICO

### 2.1 Da función social da profesión e os principios inspiradores do exercicio profesional

**ARTIGO 1** Corresponde á Enxeñaría en Informática velar polos intereses sociais xerais e constitucionalmente protexidos, en canto poidan relacionarse coas actividades e funcións profesionais que lle son propias, conforme ao establecido legal e estatutariamente.

**ARTIGO 2** Os/as colexiados/as asumirán a defensa da profesión en colaboración coa organización colexial, servindo no ámbito da súa competencia como instrumento de consulta e asesoramento para a sociedade.

**ARTIGO 3** Son fins esenciais do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia os que, a título enunciativo e non limitativo, se relacionan no artigo 5.1 dos seus Estatutos, a saber:

**1** A ordenación, no ámbito da súa competencia e de acordo co establecido polas leis, do exercicio da profesión de Enxeñaría en Informática en todas as súas formas e especialidades, a representación exclusiva desta profesión e a defensa dos intereses profesionais dos titulados e tituladas.

**2** Velar pola satisfacción dos intereses xerais relacionados co exercicio da profesión de Enxeñaría en Informática, mediante a promoción, salvagarda e observancia dos principios deontolóxicos e éticos da profesión e da súa dignidade e prestixio.

**3** Lograr a constante mellora do nivel de calidade e das prestacións profesionais dos colexiados e colexiadas, mediante a promoción e o fomento do progreso das actividades propias da profesión, da investigación, do establecemento e uso de estándares e do desenvolvemento e innovación científica e técnica, así como da solidariedade profesional e do servizo da profesión á sociedade.

**4** Cooperar na mellora dos estudos que conducen á obtención do título de Enxeñaría en Informática para obter o máximo nivel intelectual, cultural e de aplicación da Enxeñaría en Informática, polo que se favorecerán as ensinanzas técnicas profesionais de investigación relacionadas coa carreira, facilitará a

formación de técnicos/as aptos/as para as súas diversas funcións e promoverá o entendemento entre os centros de ensino e as empresas.

- 5** Colaborar coas Administracións Públicas na consecución dos dereitos individuais e colectivos da profesión recoñecidos pola Constitución e polo Estatuto de Autonomía de Galicia aos Colexios Profesionais.
- 6** A potenciación e mellora do uso das novas tecnoloxías da información e as comunicacións como instrumentos de desenvolvemento económico e social.
- 7** A realización de actuacións de difusión, de sensibilización e formativas orientadas ao desenvolvemento e implantación da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 8** A promoción e a difusión de contidos dixitais en lingua galega.

## 2.2 Do seu ámbito de aplicación

- ARTIGO 4** O presente Código Deontolóxico regulará a actuación profesional de todos os/as membros do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.
- ARTIGO 5** Todos os/as membros do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia están obrigados a coñecer, cumprir, difundir e velar polo cumprimento dos artigos do presente Código Deontolóxico. Calquera incumprimento do disposto neste Código Deontolóxico deberá ser comunicado inmediatamente aos Organismos Colexiais.
- ARTIGO 6** O incumprimento do presente Código Deontolóxico considerarase como falta leve, grave ou moi grave segundo o disposto no Título V dos Estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia e como tal levará consigo a iniciación do correspondente expediente disciplinario.

## 2.3 Principios fundamentais

- ARTIGO 7** Todos os/as membros do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia deben respectar e cumprir os seguintes principios fundamentais:

- 1 Independencia.** A independencia actual e moral do/da Enxeñeiro/a en Informática, que deberá preservar permanentemente, é condición esencial para o exercicio da profesión e constitúe a garantía de que os intereses dos/das destinatarios/as dos seus servizos serán tratados con obxectividade.
- 2 Lealdade.** O/a Enxeñeiro/a en Informática debe ser moralmente íntegro/a, veraz, leal e dilixente no desempeño da súa función. O/a Enxeñeiro/a en Informática manterá sempre unha actitude respectuosa, leal, de colaboración e solidaria cos/coas compañeiros/as de profesión, clientes/as e demais profesionais. Así mesmo, observará a maior deferencia nas súas relacións profesionais, evitando posicións de conflito. Nas relacións ou colaboracións interprofesionais debe respectar os principios, metodoloxías e decisións que teñen, como propias e específicas, as demais profesións, aínda que conservando en todo caso a liberdade de interpretación e aplicación dos propios fins e obxectivos.
- 3 Dignidade.** O/a Enxeñeiro/a en Informática debe exercer a profesión cunha conduta irreprochable, guiada pola responsabilidade, a dignidade, a honra e a rectitude.
- 4 Legalidade.** O/a Enxeñeiro/a en Informática debe cumprir e velar polo cumprimento de todo o ordenamento xurídico de aplicación no seu traballo, así como polo cumprimento das normas corporativas.
- 5 Interese do/da cliente/a.** O/a Enxeñeiro/a en Informática debe velar pola satisfacción dos intereses do/da cliente/a, mesmo cando estes resulten contrapostos aos seus propios. Se se vise nunha situación de insuperable contradición cos seus valores éticos ou morais poderá non aceptar o traballo acolléndose á obxección de conciencia.
- 6 Liberdade do/da cliente/a.** O/a Enxeñeiro/a en Informática ha de recoñecer o dereito do/da cliente/a a elixir con liberdade a quen contrata, e polo tanto, non poñer trabas fronte a unha posible vontade de cambio de profesional por parte do/da cliente/a.
- 7 Segredo profesional.** O/a Enxeñeiro/a en Informática ten o dereito e deber de gardar o segredo profesional de todos os feitos e noticias que coñeza por razón da súa actuación profesional, con só excepcións moi limitadas, que se xustifiquen moral ou legalmente.

- 8 Función social.** O/a Enxeñeiro/a en Informática debe ter presente en todo momento o carácter do seu labor como servizo á sociedade e ha de promover o coñecemento xeral da profesión e a súa achega ao ben público, evitando accións que afecten negativamente o bo nome da profesión.
- 9 Adecuación da tecnoloxía.** O/a Enxeñeiro/a en Informática debe propoñer a solución tecnolóxica que máis se adecúe ás necesidades funcionais do/da cliente/a e á súa dispoñibilidade presupostaria, evitando a imposición de tecnoloxía.
- 10 Formación e perfeccionamento.** O perfeccionamento profesional e a continua posta ao día dos seus coñecementos técnico-científicos é unha obriga do/da Enxeñeiro/a en Informática, ao permitirlle garantir a prestación duns servizos de calidade aos/as usuarios/as dos seus servizos.
- 11 Libre e leal competencia no exercicio da profesión.** O/a Enxeñeiro/a en Informática non pode proceder á captación desleal de clientes/as, debendo respectar en todo momento o disposto nas normas que tutelen a leal competencia e absténdose de calquera práctica de competencia ilícita.
- 12 Remuneración.** O/a Enxeñeiro/a en Informática promoverá e velará no posible pola remuneración xusta da súa profesión, evitando aceptar aquelas que supoñen un menoscabo do prestixio da profesión ou incorran en competencia desleal.
- 13 Colexio.** O Colexio debe ser considerado como un ámbito de convivencia entre compañeiros/as, un órgano de representación e defensa de lexítimos intereses profesionais e unha garantía de defensa da sociedade que promova unha prestación profesional competente, eficaz, digna e responsable.

## 2.4 Deberes

- ARTIGO 8** O deber principal do/da Enxeñeiro/a en Informática respecto a este Código Deontolóxico é coñecelo, difundilo, cumprilo e velar polo seu cumprimento.
- ARTIGO 9** O/a Enxeñeiro/a en Informática está obrigado/a, en relación co **Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia**:



- 1 Desempeñar con celo e eficacia os cargos para os/as que fosen elixidos/as e participar nas comisións cando fosen requiridos/as para iso pola Xunta de Goberno.
- 2 Cumprir os Estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, así como os acordos e decisións adoptadas polos órganos corporativos dentro da súa competencia.
- 3 Gardar consideración, respecto e lealdade aos órganos de goberno e aos/as membros que os compoñan cando actúen en tal calidade.

**ARTIGO 10** O/a Enxeñeiro/a en Informática está obrigado/a, en relación cos seus **compañeiros/as de profesión**:

- 1 Sen prexuízo da crítica técnica e metodolóxica que estimen oportuna no exercicio da súa profesión, o/a Enxeñeiro/a en Informática non desacreditará aos seus compañeiros/as nin a outros/as profesionais que traballan coas súas mesmas ou diferentes técnicas e falarán con respecto das metodoloxías e os métodos ou sistemas de desenvolvemento que gozan de credibilidade técnica e profesional.
- 2 Revisará o traballo doutros/as de forma obxectiva e axeitadamente documentada, ofrecendo críticas dende o punto de vista construtivo.
- 3 Recoñecerá o traballo doutros/as e nunca se atribuirá méritos alleos.
- 4 Consultará as opinións doutros/as profesionais cando as circunstancias do proxecto o sitúen fóra das áreas de competencia persoais.
- 5 Os conflitos relativos á profesión entre Enxeñeiros/as en Informática que non sexan constitutivos de delito ou falta deberán ser resoltos da forma máis discreta posible, e se fose necesario deberán ser comunicados aos Organismos Colexiais por se o Presidente considerase oportuna a súa intervención antes de recorrer a outras instancias.

**ARTIGO 11** O/a Enxeñeiro/a en Informática está obrigado/a, en relación coa **profesión**:

- 1 Acometer o seu traballo e aceptar a responsabilidade do seu desenvolvemento só se está cualificado/a pola súa formación e experiencia previas, mantendo en todo momento un alto grao de obxectividade profesional.
- 2 Traballar unicamente con información obtida por medios legais e éticos, utilizándoa exclusivamente para os fins autorizados.

**ARTIGO 12** O/a Enxeñeiro en Informática está obrigado, en relación co **cliente/a**:

- 1 O/a Enxeñeiro/a en Informática debe actuar coa debida competencia profesional e dedicación ao proxecto encomendado e non deberá aceptar maior número de encargos que aqueles que poida atender debidamente, nin que superen a capacidade, medios e coñecementos de que dispoña.
- 2 O/a Enxeñeiro/a en Informática non debe aceptar un proxecto se existe o risco de violación do segredo profesional ou unha competencia desleal. Non se poderá aceptar o encargo dun/dunha cliente/a se leva consigo a utilización de información obtida con anterioridade dun/a cliente/a distinto/a, sen o expreso consentimento de este/a.
- 3 O/a Enxeñeiro/a en Informática informará veraz e honestamente ao/á cliente/a da viabilidade do proxecto encargado, tanto na súa natureza funcional coma nos custos.
- 4 O/a Enxeñeiro/a en Informática facilitará a autonomía do/da cliente/a, ofrecéndolle toda a información necesaria e axeitada que lle facilite a toma de decisións sobre o proxecto.
- 5 O/a Enxeñeiro/a en Informática ha de informar cumpridamente o/a seu/súa cliente/a de todas aquelas situacións que poidan afectar á calidade do seu traballo.
- 6 O/a Enxeñeiro/a en Informática debe cumprir os obxectivos de prazo e presuposto, notificando no caso contrario, tan pronto como sexa posible, sobre a imposibilidade de cumprir calquera tipo de obxectivo.
- 7 O/a Enxeñeiro/a en Informática debe utilizar os recursos do/da cliente/a implicados nun proxecto de forma axeitada e autorizada.

- 8 O/a Enxeñeiro/a en Informática debe fomentar e asegurar a calidade e seguridade dos sistemas, servizos, e produtos elaborados.

**ARTIGO 13** O/a Enxeñeiro/a en Informática está obrigado/a, en relación co **segredo profesional**:

- 1 O/a Enxeñeiro/a en Informática, como depositario/a que é de información confidencial, está suxeito/a ao deber de segredo profesional, que constituirá un dereito e unha obriga da profesión e que deberá ser respectado mesmo despois de finalizar a prestación dos seus servizos, debendo ser escrupuloso/a no cumprimento da lexislación vixente.
- 2 O segredo profesional esixe do/da Enxeñeiro/a en Informática a non revelación de datos ou informacións de carácter reservado ou privado que procedan dun/dunha cliente/a e que obtivera por razón da súa profesión.
- 3 O/a Enxeñeiro/a en Informática deberá facer respectar o segredo profesional ao seu persoal e a calquera persoa que colabore con el/ela na súa actividade profesional.
- 4 Unicamente quedarán dispensados/as de gardar o segredo profesional, logo de autorización do/da Presidente/a do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, os/as Enxeñeiros/as en Informática que se atopen nalgunha das seguintes situacións:
  - a) Ser expresamente dispensados/as desta obriga por os/as titulares da información ou autorizados/as expresamente por estes/as para a súa divulgación.
  - b) Ser necesaria a divulgación para evitar unha lesión propia ou dunha terceira persoa. En calquera caso, o deber de segredo continuará sendo aplicable respecto daquela información a divulgación da cal non impida a lesión.
  - c) Existir unha lei que autorice a cesión ou comunicación da información a terceiras persoas.
  - d) Existir un requirimento, mandato ou orde de autoridade administrativa ou xudicial que resulte de obrigado cumprimento.

- 5 O/a Enxeñeiro/a en Informática que se vexa perturbado/a no mantemento do segredo profesional deberá comunicalo á Xunta de Goberno do Colexio.

**ARTIGO 14** O/a Enxeñeiro/a en Informática está obrigado/a, en relación co **equipo de profesionais ou traballadores/as que teña baixo a súa dirección, xestión ou organización**:

- 1 Proporcionar as condicións de traballo axeitadas, axustándose en todo momento á legalidade vixente e establecendo procedementos activos de prevención de prácticas inaceptables como o acoso laboral, moral ou sexual dos/das traballadores/as.
- 2 Evitar en todo momento a asignación de tarefas propias dun/dunha Enxeñeiro/a en Informática a unha persoa sen a capacidade adecuada, evitando en todo momento o intrusismo profesional.

**ARTIGO 15** O/a Enxeñeiro/a en Informática está obrigado/a, en relación cos **profesionais ou entidades públicas ou privadas para os/as que preste servizos por conta allea**:

- 1 Ten o dereito e a obriga de dispoñer, no exercicio da súa actividade profesional, da necesaria autonomía e independencia de criterio, sempre e cando as súas actuacións profesionais se fundamenten na normativa deontolóxica e nas disposicións legais e regulamentarias vixentes, especialmente naqueles supostos nos que poida resultar menoscabada a súa dignidade profesional.
- 2 O/a Enxeñeiro/a en Informática ha de asegurarse de que os profesionais ou entidades públicas ou privadas para as que presta os seus servizos coñecen a obriga do/da Enxeñeiro/a en Informática con respecto a este Código e as consecuencias derivadas de tal obriga.
- 3 O/a Enxeñeiro/a en Informática non debe permitir a utilización fraudulenta da súa titulación por persoas que ilexítimamente levan a cabo actuacións profesionais correspondentes a un Enxeñeiro en Informática, denunciando ante os Organismos Colexiais calquera tipo de intrusismo profesional que chegue ao seu coñecemento.

**ARTIGO 16** O/a Enxeñeiro/a en Informática está obrigado/a, en relación coa **sociedade**:

- 1 Actuar tendo como obxectivo o servizo á sociedade, promovendo na proposta de solucións o benestar público, social e ambiental.
- 2 Recoñecer os dereitos de terceiros/as, patentes e cumprir coa normativa vixente sobre dereitos de autor e propiedade intelectual.
- 3 Tratar a todo o mundo con xustiza e nobreza, sen discriminar a ninguén por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión, especialidade ou calquera outra condición ou circunstancia de tipo social ou persoal.
- 4 Promover un público coñecemento e aprecio pola Enxeñaría en Informática e os seus logros.
- 5 Non permitir a utilización fraudulenta da súa titulación por persoas que ilexítimamente levan a cabo actuacións profesionais correspondentes a un/unha Enxeñeiro/a en Informática, denunciando ante os Organismos Colexiais calquera tipo de intrusismo profesional que chegue ao seu coñecemento.
- 6 Exercer en todo momento a súa profesión co máximo rigor, responsabilidade e imparcialidade.
- 7 Dar o visto bo aos proxectos só se cumpren as especificacións e non atentan contra a sociedade nin o medio, con absoluto respecto aos intereses públicos que puidesen resultar afectados.
- 8 Informar puntualmente ás persoas interesadas e/ou as autoridades competentes sobre calquera perigo potencial ou real para a integridade das persoas e a sociedade, que considere poidan devir do software, os sistemas informáticos ou de proxectos relacionados.
- 9 Informar acerca de calquera práctica entre os fins da cal estea a comisión dun delito, en especial se se trata dun delito informático.

**ARTIGO 17** O/a Enxeñeiro/a en Informática está obrigado/a, en relación cos **proxectos** nos que intervén a:

- 1 Impulsar a máxima calidade a un custo aceptable e nun prazo razoable, garantindo que quedan claros os compromisos adquiridos, aceptados previamente polo/a promotor/a e o/a cliente/a.
- 2 Documentar axeitadamente as especificacións do proxecto sobre o que traballa, asegurándose que satisfagan os requisitos do/da usuario/a e teñen as aprobacións axeitadas.
- 3 Analizar as consecuencias éticas, económicas, culturais, legais e ambientais derivadas de calquera proxecto no que estea a traballar, aceptando que as conclusións das devanditas análises poderían levar á súa remodelación.
- 4 Realizar estimacións realistas en canto a custo, prazo, recursos e resultados dos proxectos, determinando os aspectos de incerteza ou risco que poderían desviar as devanditas estimacións.
- 5 Realizar as probas e revisións do proxecto axeitadas, así como da documentación na que traballe.
- 6 Desenvolver os proxectos e documentos respectando a confidencialidade daqueles que van ser afectados pola realización do seu traballo.
- 7 Non efectuar nin aceptar ningún pagamento ou servizo de valor distinto ao libremente pactado.
- 8 Rexeitar comprometerse en traballos que crea non sexa beneficiosos para os/as seus/súas clientes/as.

## 2.5 Honorarios

**ARTIGO 18** O/a Enxeñeiro/a en Informática, antes de aceptar un encargo, fixará o alcance do traballo profesional a realizar e a natureza da prestación que haxa de levar a cabo, así como o cálculo aproximado ou, no seu defecto, o método convido para determinar a remuneración a percibir, formalizando para tal efecto e presentando ao/á cliente/a a nota-encargo ou presuposto.

**ARTIGO 19** Unha vez aceptada a nota-encargo ou presuposto, a relación do/da Enxeñeiro/a en Informática co/coa seu/súa cliente/a deberá estar baseada na confianza recíproca.

- ARTIGO 20** A remuneración económica ou honorarios pola actuación profesional establecerase tomando en consideración as dificultades do encargo, a súa complexidade e especialidade técnica, no tempo e dedicación requirida, o nivel de responsabilidade esixido e os límites temporais impostos para a realización do traballo.
- ARTIGO 21** Para os efectos do establecemento da remuneración, os baremos de honorarios da Enxeñaría en Informática terán carácter meramente orientativo.
- ARTIGO 22** Os honorarios profesionais deberán, en todo caso, retribuír o traballo realizado e compensar os custos asumidos, de conformidade coas esixencias de calidade e os principios de competencia leal e dedicación axeitada ao traballo comprometido, sen que poida xustificarse unha actuación profesional deficiente no feito de que a remuneración a percibir fose insuficiente, nin tampouco sen supeditar a percepción desa remuneración á consecución dun determinado resultado ou obxectivo alleo á intervención profesional do/da Enxeñeiro/a en Informática.
- ARTIGO 23** O/a enxeñeiro/a en Informática absterase de percibir remuneración económica ningunha pola derivación de clientes/as a outros/as profesionais.
- ARTIGO 24** O/a enxeñeiro/a en Informática poderá convir, ao recibir o encargo ou durante o seu desenvolvemento, en que se lle efectúe provisión de fondos a conta de honorarios e gastos, acorde coas previsións razoables do encargo, e poderá condicionar ao seu pagamento o inicio das tarefas profesionais ou o seu desenvolvemento.

## 2.6 Publicidade

- ARTIGO 25** Habida conta de que toda actividade profesional, en vistas á captación de clientes/as potenciais, precisa da correspondente publicidade, esta materialízase como unha necesidade que non por ser elemental queda á marxe de calquera orde e control, quedando suxeita á lexislación vixente, ás normas do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia e ao disposto neste Código, á Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeneral de publicidade, e ás normas sobre defensa da competencia e competencia desleal.
- ARTIGO 26** A publicidade, especialmente a realizada a través dos medios de comunicación, ha de ser digna, leal e veraz e con absoluto respecto á dignidade das persoas.

### 3 DISPOSICIÓN FINAL

As presentes normas deontolóxicas entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación por parte da Asemblea Xeral do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.

O secretario

Juan Antonio Valiño García

Visto e prace  
O presidente

Fernando Suárez Lorenzo